

Apertura de listaxes de chinés para profesorado especialista de nacionalidade estranxeira.

A Consellaría trae á Mesa esta apertura extraordinaria de prazas pola necesidade existente agora mesmo despois de non poder cubrir as prazas necesarias no pasado mes de outubro. Desde a CIG-Ensino somos conscientes desa urxencia e sabemos que neste momento non se están cubrindo as necesidades de docencia existentes na EOI da Coruña.

A Consellaría acóllese á potestade que lle dá a LOE que regula no seu artigo 97 o seguinte:

Artigo 97. Profesorado de ensinanzas de idiomas.

1. Para impartir ensinanzas de idiomas exixíranse os mesmos requisitos de titulación e formación establecidos no artigo 94 para a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

2. As administracións educativas, excepcionalmente, poderán incorporar como profesores especialistas, atendendo á súa cualificación e ás necesidades do sistema educativo, profesionais, non necesariamente titulados, de nacionalidade estranxeira.....

Para a CIG-Ensino con esta norma se está a producir unha discriminación xa que se

permite que haxa persoas que en función da súa nacionalidade poidan acceder mesmo sen titulación á docencia. Non estamos en desacordo con que se poidan adoptar estas medidas extraordinarias mais si que se non lle dea o mesmo trato a persoas que non son estranxeiras. Entendemos que se deben dar as mesmas posibilidades a todas as persoas, con independencia da súa orixe.

Preocúpanos igualmente que esta medida vaia máis alá do carácter extraordinario que ten. A día de hoxe hai profesorado chinés enviado gratuitamente por Hanban ou o Instituto Confucio como lectorado mais que nalgúns caso xa fan funcións plenamente docentes, o que pode provocar un problema de cara ao futuro co profesorado oficial e titulado.

Da redacción da base décima entendemos que as persoas que entren a traballar por esta vía nunca poderían quedar por diante de novas incorporacións que se puidesen facer pola apertura ordinaria de listas. Na nosa opinión para consolidar o posto que lle corresponda despois de abrir novas listas deberían ter a titulación necesaria.

A Consellaría confirma que de se abriren novas listas estas persoas nunca consolidarían praza diante delas.

Desde a CIG-Ensino demandamos que se abran listas de chinés ou de calquera outra especialidade con maior regularidade e non esperar até o último momento como acontece neste curso.

Tamén entendemos que nos requisitos que se indican relacionados co coñecemento do chinés debe existir unha prelación, xa que non é o mesmo acreditar formalmente unha competencia (nivel C2 ou acreditación CTSOL) que a indeterminación de “ter

experiencia docente de chinés en centros educativos”. Esta só se debe ter en conta no caso de que non existan as anteriores. Por outro lado, sempre e cando se acredite o coñecemento suficiente do chinés entendemos que contar con titulación para o acceso á docencia (grao ou equivalente) debe ser prioritario e preferente á hora da ordenación da listaxe. Por tanto, ter un grao debe prevalecer cando ademais se acredita coñecemento de chinés.

A Consellaría acepta a nosa proposta e modificará a o texto do seguinte xeito:

- sexa prioritario ter unha titulación superior
- fíxase a seguinte prelación:
 - Nivel C2
 - Acreditación CTSOL
 - Ter experiencia docente en centros educativos

Ao respecto do coñecemento da lingua galega podemos compartir unha certa flexibilidade para a obtención do requisito ordinario (CELGA 4 en 2 anos) mais non estamos de acordo con que se exima por completo. O profesorado que poida acceder por esta vía extraordinaria ten o dereito mais tamén o deber de coñecer a nosa lingua. Apostamos porque se poida ampliar o tempo no que ten que acadar ese nivel ou mesmo de esixir neses dous primeiros anos un nivel inferior mais consideramos que si deben facelo.

Por último, solicitamos que se valore, en función do alumnado existente en calquera idioma dos que actualmente se imparten nas EOI galegas a posibilidade de ofertar os niveis C1 e C2.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal